

A DIAPOSITIVA NON FOTOGRÁFICA OU ALTERNATIVA

Marta Michelena Rouco

Coordenadora dun Centro de Recursos

Na actualidade estamos a vivir nun mundo invadido pola IMAXE. Este feito implica o profesorado no labor de educar os alumnos coa axuda dos medios audiovisuais para que estes podan acercarse á comprensión da realidade, tendo ademais en conta os seus intereses.

Os M.A.V.S. poden cumprir funcións distintas segundo a metodoloxía que o educador empregue en cada situación concreta.


"Hai que romper dunha vez por todas, coa idea tradicional que considera que os medios audiovisuais entran na aula esporadicamente e sen unha prévia planificación. Desde unha perspectiva renovadora, consideran-se catalizadores de experiencias dinamizadoras da comunicación e obxecto de estudo en si mesmos para analizar a propia realidade". Roberto Aparici Marino et al. (1987), *La Imagen-II*, UNED, Madrid, páxs. 115-116.

Cremos que é un erro considerar que a única maneira de conseguir unha boa diapositiva sexa con cámara fotográfica. Existen posibilidades moi interesantes que se deben de ter en conta nas aulas, por medio das caís o alumno pode chegar á elaboración completa das diapositivas. A súa importancia é grande, xa que vai permitir que sexa o propio alumno o que directamente se poña en contacto coa realización do material audiovisual.


Para a realización de diapositivas sen cámara fotográfica, chamada "alternativa", existen diversos procedimentos; en primeiro lugar, destacaremos un por considerar que coa súa técnica se pode elaborar "material de paso" de aceptábel calidade e que, por outra banda, resulta bastante económico. Referimo-nos á realización de *diapositivas con papel acetato* (de transparencias).

Pasos a seguir:


1. Debuxar a silueta de varios espazos exactamente iguais a un marquiño de diapositivas (un total de 8).



2. Ampliamos-lo na fotocopiadora até un tamaño que permita facer debuxos sen problemas de espazo (14,7%), deste xeito temos a "plantilla" que servirá de modelo para a realización deste tipo de traballos. (Ver anexo final).
3. Farán-se cópias suficientes e dará-se-lle unha a cada alumno ou equipo de traballo, para que sobre ela realicen as súas propias imaxes (alusións a un tema suxerido polo profesor, unha historia seriada, creacións libres...).
4. Os alumnos debuxarán só SILUETAS, con trazos negros (a lápiz, rotulador...), pero *sen colorear*.



5. O profesor levará a cabo a selección do que interese pasar a diapositiva, reducindo na fotocopiadora até o formato exacto da mesma (147%). (Fig. páx. seguinte).
6. Unha vez reducidos os traballos, poden-se colocar nunha soa folla un grupo de catro co fin de aforrar acetatos.
7. A continuación fotocopia-se a montaxe pero en acetato, quedando xa os debuxos impresos nel.
8. Colorean-se con rotuladores especiais de acetatos.



9. Recortan-se e enmarcan-se numerando cada diapositiva, podendo-se facer os marquiños con cartón ou cartulina un pouco consistente, ou ben mercá-los en casas de fotografía.

O mesmo procedemento pode-se levar a cabo *con papel vexetal*, o que resultaría aínda máis económico, se temos en conta que o preço deste papel no mercado é inferior e que os rotuladores para pintar as imaxes que se realicen non teñen que ser especiais. A diferenza principal vén dada pola luminosidade acadada co primeiro material, pero tanto unha técnica como a outra, a pesar das diferenzas que podan presentar, supoñen unha motivación importante no neno ao seren eles mesmos os realizadores das diapositivas e ser ademais unha actividade lúdica (primordial nos primeiros niveis do ensino).

A continuación falaremos doutros métodos para confeccionar diapositivas "alternativas".

Sobre película fotográfica velada ou revelada (desechábeis). A primeira é transparente e o neno pode pintar ou escribir a súa diapositiva directamente con rotuladores especiais de acetatos. A segunda é negra e o neno logrará imaxes raspando cun punzón. Respeito da primeira técnica amosada, tanto a de película velada como a revelada presentan o inconveniente de teren que ser traballadas nun espazo moito máis reducido (xusto o do tamaño real da diapositiva), polo que a dificultade aumenta coa menor idade dos nenos. A calidade na proxección en ambos os dous casos é bastante boa.

Por último, citaremos diversas técnicas para a realización de diapositivas "alternativas":

Con celofáns de cores distintas, con papeis de cores adherentes, ... (Nestes casos colocaránse entre acetatos, películas veladas, etc., para que queden fixos), e *con papel "aironfix"*. Consiste esta última técnica en encuadrar con marquiños de diapositivas a imaxe que interese plasmar (de revistas, folletos, etc., a poder ser satinados) e pegar-lle logo un pedazo de "aironfix". Despois presiona-se forte e introducen-se en auga morna (de ser posíbel). Aos poucos minutos coa axuda dos dedos o papel soltará-se quedando a imaxe pegada ao papel plástico "aironfix".

Para finalizar, dicir que todas as técnicas aquí expostas poden acadar resultados satisfactorios entre o alumnado, pois aínda que, ás veces, a calidade obtida nas mesmas non poda competir cos materiais ofertados polas diversas casas comerciais especializadas, si que poden motivar o neno, de tal xeito que a visualización dos seus propios traballos sexa inicio dunha constante superación nos mesmos.

